



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01902			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pérez Guerra, Javier			
Profesorado	Fernández Pena, Yolanda Pérez Guerra, Javier			
Correo-e	jperez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia o alumnado recibe a información precisa que lle permitirá desenvolver unha análise sintáctica segundo o modelo de Principios e Parámetros, con certas influencias do Programa Minimalista da Gramática Xenerativa. Igualmente, os conceptos iniciais introducen as asuncións teóricas esenciais do modelo.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
C5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
C6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
C9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
C13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.

D1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
D2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
D4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
D5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición dun método sistemático de análise e crítica dos recursos bibliográficos e electrónicos relativos á morfoloxía e a sintaxe do primeiro idioma estranxeiro (inglés).	A2 A3	C4 C5 C6 C8	D2 D3
Comprensión dos conceptos fundamentais da morfoloxía e a sintaxe, aplicadas á descrición do primeiro idioma estranxeiro (inglés).	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8 C13	D1 D2 D3 D4 D5
Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analizar, desenvolver e avaliar criticamente distintas estratexias de análise morfosintáctica dentro dun concepto amplo de ciencias da linguaxe.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8 C13	D1 D2 D3 D4 D5
Iniciación na investigación en morfosintaxe mediante a realización de exercicios, prácticas e traballos académicos específicos neste ámbito.	A2 A3 A4 A5	C4 C5 C6 C8 C9	D2 D3 D4 D5

Contidos

Tema	
Introdución: a lingüística como ciencia da linguaxe, e as súas aplicacións ao estudo da lingua inglesa	Definicións. Fenómenos lingüísticos: a ambigüidade. O uso dos datos. Procesos indutivos. Economía.
Do dato á xeralización, con especial atención á orde de constituíntes do inglés.	Significado oracional e significado da palabra. Inversión (SAI). Interpretación interrogativa. Verbos e inversión.
Outros fenómenos afectados pola orde de constituíntes	Concepto de sistema temático. "Clefting". Oracións con "there". Extraposicións.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	25	50	75
Seminarios	17	41	58
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	7	11
Outros	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Exercicio de "brainstorming" sobre coñecementos previos relativos á morfosintaxe da lingua inglesa e actividade de avaliación inicial non puntuable.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Seminarios	Desenvolvemento de actividades teórico-prácticas nas que interveñen os/as docentes e mailo alumnado, en grupos reducidos, mentres os restantes grupos están a desenvolver problemas e/ou exercicios.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas e/ou exercicios relativos á sintaxe da lingua inglesa.
Outros	Avaliación escrita da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Con independencia das actividades lectivas que requiran atención personalizada, esta desenvolverase principalmente no horarios de titorías dos/as docentes, fóra das horas de docencia presencial.
Seminarios	Con independencia das actividades lectivas que requiran atención personalizada, esta desenvolverase principalmente no horarios de titorías dos/as docentes, fóra das horas de docencia presencial.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Con independencia das actividades lectivas que requiran atención personalizada, esta desenvolverase principalmente no horarios de titorías dos/as docentes, fóra das horas de docencia presencial.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Sesión maxistral	Participación nas sesións maxistrais.	5	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8	D1 D2 D3 D4 D5
				C9 C13	
Seminarios	Avaliación das actividades desenvolvidas en seminarios	10	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8	D1 D2 D3 D4 D5
				C9 C13	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación dos exercicios e/ou problemas. Trátase de actividades programadas ao longo do cuadrimestre para facer na aula e/ou fóra da aula, de diversa natureza: análises sintácticas, comprensión de pequenos ensaios ou extractos, exercicios teórico-prácticos sobre temas de categorización gramatical, tests, ensaios breves sobre conceptos teóricos, etc.	10	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8	D1 D2 D3 D4 D5
				C9 C13	
Outros	Avaliacións parcial e finalista escritas: - avaliación parcial: 20% - avaliación finalista: 55% En todo caso, se a cualificación da proba finalista é superior á da proba parcial, a da proba finalista será a única considerada neste apartado.	75	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8	D1 D2 D3 D4 D5
				C9 C13	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na primeira edición de actas, a avaliación realizarase consonte o detallado máis arriba. As dúas probas de avaliación parcial e finalista escritas terán lugar durante o período lectivo: a proba parcial terá lugar na semana sétima e a proba finalista terá lugar na semana final do período lectivo previo ao remate das clases do cuadrimestre. Estas datas serán publicadas na

plataforma de teleaprendizaxe da materia.

É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido todos os posibles **traballos** requiridos na clase. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo contarán coma un cero. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística e conteñan erros gramaticais graves contarán coma un cero. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un cero nese traballo. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A cualificación mínima requirida nas probas de avaliación parcial e finalista escritas será de 5 puntos sobre 10 para poder superar a materia.

Se algun/ha alumno/a non desexa acollerse a este sistema de avaliación, deberá comunicarllo ao profesorado **ao comezo do cuatrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase)**. Nese caso, poderá ser avaliado/a mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data acordada polo profesorado da materia e publicada na plataforma de teledocencia. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás clases sempre que sexa posible.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na **segunda edición de actas (xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Manual principal de consulta: Haegeman, Liliane. 2006. *Thinking syntactically. A guide to argumentation and analysis*. Oxford: Blackwell.

Fonte secundaria principal: van Gelderen, Elly. 2010. *An introduction to the grammar of English*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.

Outras referencias secundarias serán recomendadas na clase e serán publicadas na plataforma de tele-aprendizaxe.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01402

Outros comentarios

O alumnado deberá acceder regularmente ás fontes bibliográficas recomendadas da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
